



# A FOLLA DA CGT

Núm. 45 - 4 decembro 2020

## Nova agresión antisindical de Navantia contra os traballadores da I. Auxiliar

Un ano despois de que a loita dos compañeiros do mantemento abortase o intento da UTE de despedir a 9 traballadores con dereito á subrogación, o prego para a nova licitación demostra que os compañeiros tiñan toda a razón cando denunciaban que a dirección de Navantia non era neutral. En conivencia coas empresas auxiliares, argallaron, argallan e seguirán argallando para atacar as conquistas do movemento obreiro, como fixeran no seu momento cos traballadores da Nervión.

Por que dicimos isto? Porque o prego, ademais de dividir a licitación en 8 lotes, impide que ningunha empresa poida optar a máis de dous lotes ou agrupación de lotes, de xeito que xestionarían o mantemento un mínimo de cinco empresas.

Isto, **contra o que argumenta a dirección** nas reunións coa comisión de auxiliares, non responde a un criterio técnico, senón a un criterio **antisindical**, apoiándose no divide e vencerás para dobregar a combatividade destes compañeiros.

## Xuros dos atrasos das asimilacións

Dado que o anterior comité de empresa optou por non presentar un conflito colectivo en relación co pago dos intereses dos atrasos das asimilacións, a **CGT** presentou unha demanda para reclamar os cartos dos nosos afiliad@s afectados.

Gañamos, pero a empresa recorreu a sentenza ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, que acaba de darnos a razón confirmando a sentenza do xulgado de Ferrol.

Como xa fixemos coa primeira sentenza, tamén enviaremos esta do TSXG ó resto das seccións sindicais, por se fose de utilidade na defensa dos dereitos de compañeir@s afiliados a outros sindicatos.

A subrogación foi unha enorme conquista resultado da folga indefinida da IA no outono de 2017. Navantia leva dende entón argallando o xeito de desmontala pola vía dos feitos consumados.

De materializar esta licitación, o comité de empresa do mantemento desaparecería e os traballadores, que teñen dereito de subrogación, acabarían repartidos entre diferentes empresas. Despois sería cuestión de tempo que se producisen ataques, mediante despedimentos ou recortes, contra aqueles que non se sometan á vontade patronal.

O comité da principal ten que responder contundentemente esixindo a **retirada inmediata** do prego e a **elaboración dun novo**, en cuxa elaboración ten que **participar o comité da UTE**.


## CONCENTRACIÓN POLAS PENSIÓNS PRESENTES E FUTURAS

- ★ NON AO PACTO DE TOLEDO
- ★ POR UNHA BANCA PÚBLICA

★ POR UNS  
SERVIZOS SOCIAIS  
PLENAMENTE  
PÚBLICOS  
PARTICIPA !!

Convoca e Organiza

PLATAFORMA  
DE FERROLTERRA  
PARA A DEFENSA  
DAS PENSIÓNS  
PÚBLICAS



Sábado

5

Decembro

ás 12



No  
Cantón  
Ferrol

# Novos ingresos

A empresa publicou este luns as listas provisorias que faltaban, excluindo arbitrariamente a algúns dos **aprobados**.

Esta exclusión foi, supostamente, por indicación dun psicólogo subcontratado, o mesmo que en Airbus se encarga dos procesos de novos ingresos e, iollo ó dato!, tamén de decidir os ascensos. Ó fin e ó cabo, ¿quen mellor que un psicólogo subcontratado para saber quen traballa ben e quen non?

Vese que o xefe de RRHH non só se trouxo da súa antiga empresa algúns colaboradores/as, senón tamén algunha compañía auxiliar.

	Asistencia á dirección	Bacharelato	Mecatrónica
Nº excluíd@s	2	2	0

O resultado das entrevistas é este:

A empresa sácase da manga unha entrevista que non aparece por **ningures** nas bases, para así xustificar exclusións, por moito que o psicólogo insista en que o seu é pura ciencia (máis ben ciencia infusa, pero non outorgada por Deus, senón polo departamento de **RRHH**).

Un dos motivos de exclusión é a inmadurez persoal. Unha persoa das prazas júnior de universitarios foi excluída por **exceso** de madurez (e tamén de coñecemento profesional). Agora nas

prazas júnior de operarios resulta que o problema é o contrario: non ser suficientemente maduro. En que quedamos? Cal é o grao axeitado de "madurez"? Isto é o colmo da **arbitrariedade** e da **desfachatez**.

Isto só nos reforza na idea de que as exclusións non teñen **nada** que ver coa capacidade persoal para realizar o traballo, senón que responden a intereses **inconfesables** da dirección de Navantia ou de individuos/as que ocupan postos de responsabilidade na empresa.

A **CGT** fará todo o que estea nas nosas mans para impedir este atropelo.



## Prohibición ó comité de empresa

Onte, no marco do bloqueo de determinados directivos da principal na portas, varios membros do comité se dirixiron á Sala Técnica porque unha desas persoas se colara na factoría. E atopáronse cunha "novidade".

Delegados que non teñen a súa tarxeta habilitada para acceder á Sala, e que teñen entrada nela pedindo unha tarxeta de visita, se atoparon con que onte se lles denegaba.

Consideramos **moi grave** que a empresa impida a membros do comité acceder a dependencias da factoría. Outra mostra máis da prepotencia desta dirección.

## Horas sindicais de novembro

Publicamos o cadro dos pases e horas sindicais utilizadas polos delegados da **CGT**:

Delegado	Horas	Pases	Horas	TOTAL
Vicente	44,50			44,50
Xaquín	66,00			66,00
Arturo	22,50			22,50
Javi	38,25			38,25
Benito	29,25			29,25
Carmen	14,00			14,00
<b>TOTAL</b>	<b>214,50</b>		<b>0,00</b>	<b>214,50</b>

O **detalle** das actividades de cada delegado indicando en que se gastan as horas sindicais e o listado completo de pases, recordade que o tedes no Teams, no grupo "**CGT en Navantia Ferrol (Difusión)**".



**Contacta connosco:**

Teléfono Interior: 1213  
Telf. Exterior: 981 33 12 13  
Telf. Móbil: 623 044 900

cgt.fe@navantia.es  
naval.ferrolterra@cgtgalicia.org

Séguenos e comparte info nas RRSS:

